

REVISTA DE DIVULGACIÓN DA CULTURA  
MARÍTIMA E FLUVIAL - BUEU 2015 - Nº 9

# O S G a L O S





# Na Groba

Xemendo sube a estrada, cambaleante  
Fafner á procura de paisaxes  
efémeras.

(Arpados bosques de arume agachan  
mil níscaros sospeitados).

Pequenos cabalos quedos,  
impasíbeis ferros,  
acóuganse pétreos, en grupos  
nas molladas breñas. Deles  
un, á beira do camiño, refungando,  
apártase teimudo, casemente,  
ó paso da vella furgoneta.

No viso,  
na campa de cartuchos sementados,  
cun golpe seco e case audíbel,  
a visión da costa abafa, inqueda, e  
o peito canso do viaxeiro.

Percorren os seus ollos, xa paxaros,  
a fronte das ondas, descifrando  
o tenue diálogo da espuma.

Abaixo,  
no val de ar vibrante, suspendido,  
o río Miñor vai camiñando,  
con húmida ledicia,  
á Foz que o espera inexorable,  
a fría morte.

Lonxincuas,  
cobreadas illas, magoadas  
Sicas, cal aves milenarias,  
conxeladas ás nas ondas palpitantes,

eterno viaxe agónico, imposible,  
ao hipnótico horizonte.

E alí,  
no Centro mesmo do Universo,  
onde o corazón acouga o seu latido  
onde o berce doe nas entrañas,  
estíranse as Estelas, as coitadas  
fillas daquel Ferro Monolítico,  
que atesouran,  
pr'o rapaz de ímprobos mergullos,  
robalos  
que durmen nas fendas misteriosas,  
e raios  
dun sol silente iluminando  
ós fugaces sargos.

A noite  
arremuíña de pronto nun ar fresco. A  
brétema,  
alén do Cabo Home, desdebuxa  
brumosas costas...  
O viaxeiro  
coas lembranzas aínda lle vibrando  
nas pupilas  
inicia, confortado, o seu descenso  
da estrada serpenteante, agora incerta.

Aquén vaise morrendo, moi quediño,  
o corado serán polo Poñente.

Guillermo Gefaell

